

## MESA SECTORIAL. 8 DE MAIO DE 2020

### CREACIÓN DA CATEGORÍA DE MÉDICO/A DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO.

Desde **CIG-SAÚDE** apoiamos a creación desta categoría, xa que foi unha das nosas demandas e recolleron parte da alegacións que nos presentamos:

- Para acceder a esta categoría vai ser requisito estar en posesión do título de médico/a de familia, de medicina interna ou de xeriatría.
- O réxime de xornada deste persoal comprende a realización de xornada complementaria, realización de gardas.
- O persoal fixo que se integre nesta categoría poderá solicitar excedencia por incompatibilidade no sector público, na categoría de orixe.
- A incorporación nesta categoría é aberta, o persoal fixo en unidades de HADO que cumpra os requisitos poderá acceder a ela a través do concurso de traslados.
- Convocaranse as prazas a traslado e OPE.

Desde **CIG-Saúde** solicitamos que a **cobertura dos seguros dos vehículos de HADO** fose completa en todos os centros.

### CREACIÓN DA CATEGORÍA DE TÉCNICOS/AS SUPERIORES EN DIETÉTICA.

Quedou aprobada a creación desta categoría.

Desde **CIG-Saúde** insistimos na reversión á sanidade pública, dos servizos privatizados.

**CIG-Saúde** insistimos en que a incorporación deste colectivo non pode ser a cargo de prazas xa cubertas con persoal doutras categorías.

### POSTOS DE COORDINADORES/AS DE TÉCNICOS/AS SUPERIORES.

A Administración presentou unha primeira proposta para os postos de coordinadores/as de técnicos/as superiores, para enviar alegacións.

**CIG-Saúde** solicitou que se convocasen canto antes os postos que actualmente están exercendo como coordinadores de técnicos/as nos centros.

### VACACIÓNS DO ANO 2020

A Administración presentounos un borrador de instrución para que o persoal do SERGAS disfrute das vacacións do ano 2020 dentro do período ordinario, en previsión dun posible estado de alarma de cara ao outono. Dan de prazo para alegacións ata o martes 12.